

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP02	Estilismo e dirección de peiteado	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1070	Estudo da imaxe	2022/2023	5	87	104

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ARÁNZAZU MARTÍNEZ NIETO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

O alumno/a ao superar este módulo estará capacitado para desenvolver o seu labor profesional como:

- Director/a técnico/a en empresas de peiteado
- Director/a técnico/a artístico/a de peiteado en producións audiovisuais, escénicas e de moda
- Asesor/a artístico de peiteado
- Estilista
- Asesor/a de imaxe
- Asesor/a de prensa especializada en imaxe persoal e peiteado

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	20	12
2	Documentación gráfica de estilos de imaxe.	Xeración de documentos escritos, visuais e audiovisuais.	6	14
3	Morfoloxía externa do corpo humano. Relación co peiteado.	Estudo do corpo humano e a súa relación coa imaxe.	11	14
4	Estudo do rostro. Correccións con procesos de peiteado e barbaría.	Estudo do rostro humano e a súa relación coa imaxe corporal global.	13	15
5	Análise e avaliación da imaxe persoal. Elementos iconolóxicos da imaxe.	Estudo da iconoloxía da imaxe corporal e como afecta ésta á percepción da imaxe.	18	15
6	Análise do peiteado, maquillaxe e vestuario.	Diferentes propostas de estilismo según as necesidades do cliente.	18	15
7	Informes do estudo da imaxe	Xeración do informe do traballo feito e proposto.	18	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xestiona a documentación gráfica de estilos de imaxe, organizando e arquivando a información en soporte impreso e informático.	NO
RA3 - Realiza o estudo do rostro, analizando os trazos faciais e empregando ferramentas de deseño.	SI
RA5 - Analiza o peiteado, a maquillaxe e o vestuario, en relación cos requisitos dos actos sociolaborais.	SI
RA6 - Elabora o informe do estudo da imaxe, utilizando documentación de apoio e aplicacións informáticas.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Realizouse un manual de estilos mediante o emprego de ferramentas fotográficas e audiovisuais.
CA3.1 Identificáronse os tipos de rostro.
CA3.2 Identificáronse as liñas e os puntos de referencia do rostro.
CA3.3 Determinouse a forma xeométrica do rostro.
CA3.4 Caracterizáronse os elementos que conforman o rostro.
CA3.5 Relacionouse a expresividade do rostro cos músculos cutáneos faciais.
CA3.6 Caracterizáronse os tipos de faccións e a súa relación co peiteado.
CA3.7 Relacionáronse os tipos de rostros e os seus elementos coas correccións, mediante técnicas de peiteado e barbaría.
CA3.8 Realizáronse representacións gráficas de rostros e as súas correccións a través do peiteado.
CA5.1 Relacionáronse os tipos de actividades sociais e laborais cos requisitos sobre a imaxe persoal.
CA5.2 Avaliáronse os requisitos de peiteado na vida sociolaboral.
CA5.3 Relacionáronse os tipos de maquillaxe social coas súas características.
CA5.4 Identificouse a vestimenta e os seus complementos para diferentes actos sociais.
CA5.5 Analizáronse outros aspectos que cumpra considerar na selección do peiteado, a maquillaxe e a vestimenta para diversos actos sociais.
CA5.6 Recoñecéronse os tipos de estilo e as súas características.
CA6.1 Determináronse os métodos para detectar as necesidades, as demandas e as expectativas da clientela.
CA6.11 Presentáronse e argumentáronse as propostas da nova imaxe.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Elaboración dun manual de estilos. Ferramentas fotográficas e audiovisuais. Características.</p> <p>Anatomía da cabeza. Osos. Músculos cutáneos faciais: tipos, características, inserción e orixe. Relación coa configuración do rostro e a expresión.</p> <p>Tipos de rostro. Características. Teoría da verticalidade e a horizontalidade. Liñas e puntos de referencia. Estudo das medidas do rostro sobre o plano horizontal. Relación entre a verticalidade e as asimetrías. Xeometría do rostro: clasificación dos tipos</p> <p>Estudo e análise dos elementos do rostro: cellas, ollos, nariz, boca, pómulos, queixo, fronte, etc.</p> <p>Estudo da expresividade do rostro a través das faccións. Características dos tipos de faccións e a súa relación co peiteado.</p> <p>Técnicas de expresión gráfica para a realización de bosquejos. Representación de estilos de peiteados.</p> <p>Características físicas e a súa relación coa imaxe persoal. Correccións do rostro a través de técnicas de peiteado e barbaría.</p> <p>Actividades sociais e profesionais e o seu requisito sobre a imaxe persoal. Tipos de actos sociais privados e a súa relación co peiteado, a maquillaxe e a vestimenta. Tipos de actos públicos e a súa relación coa imaxe persoal: oficiais e non oficiais. Ima</p> <p>Requisitos de peiteado na vida sociolaboral.</p> <p>Tipos e estilos de maquillaxe.</p> <p>Pautas xerais de vestiario e as súas características. Relación do vestiario e o peiteado. Características corporais de influencia na indumentaria e os complementos. Características persoais e sociolaborais que condicionan a indumentaria e os complementos.</p> <p>Outros aspectos que cómpre considerar na selección do peiteado, a maquillaxe e a vestimenta.</p> <p>Relación entre o peiteado e outros elementos que crean estilo.</p> <p>Métodos para detectar as necesidades, as demandas e as expectativas da clientela.</p> <p>Presentación e argumentación da proposta da nova imaxe. Conclusións.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Documentación gráfica de estilos de imaxe.	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xestiona a documentación gráfica de estilos de imaxe, organizando e arquivando a información en soporte impreso e informático.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñécéronse as fontes documentais para a obtención de datos.
CA1.2 Determináronse as estratexias para a obtención de información gráfica.
CA1.3 Establecéronse os criterios de selección da información.
CA1.4 Clasificouse a información tematicamente.
CA1.5 Estableceuse o almacenamento da información en diferentes formatos.
CA1.6 Diferenciáronse os tipos de documentación técnica.
CA1.7 Determinouse a estrutura e as partes dos documentos.
CA1.8 Recoñécéronse as pautas de elaboración de documentación gráfica e audiovisual.
CA1.10 Recoñeceuse a lexislación referente á propiedade intelectual.

4.2.e) Contidos

Contidos
Fontes documentais de estilos. Tipos: escrita, gráfica e audiovisual. Características. Tipos de imaxes fotografía e ilustracións. Bancos de imaxes. Métodos de obtención da información: estratexias de procura. Criterios de selección da información. Sistema Procedementos de arquivo: formatos ou soportes de arquivo. Enfoques xerais para a organización de arquivos. Sistemas de manexo de arquivos. Creación de documentación escrita. Tipos de documentos escritos: fichas, cuestionarios, formularios, etc. Elaboración: planificación e redacción. Estrutura e partes dos documentos. Elementos para elaborar un documento. Pautas de elaboración de documentaci Creación de documentación gráfica e audiovisual. Pautas de elaboración: planificación e composición. Lexislación sobre propiedade intelectual: dereitos de autor.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Morfoloxía externa do corpo humano. Relación co peiteado.	11

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza o estudo da morfoloxía externa do corpo humano, identificando as proporcións corporais.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse as proporcións ideais do canon da figura humana.
CA2.2 Seleccionáronse aparellos e equipamentos para a análise da estrutura corporal.
CA2.3 Realizáronse medidas corporais.
CA2.4 Distinguíronse as tipoloxías corporais do corpo humano.
CA2.5 Especificáronse trazos diferenciais entre as siluetas masculina e feminina.
CA2.6 Relacionouse a tipoloxía corporal e os procesos de peiteado.
CA2.7 Establecéronse os procesos e as técnicas de peiteado que inflúen na percepción da imaxe.
CA2.8 Relacionouse a cor, a forma, a lonxitude do cabelo e o peiteado coa imaxe global.

4.3.e) Contidos

Contidos
Canon da figura humana: proporción ideal dos elementos que a compoñen. Representación gráfica da cabeza humana: rostro e cranio. Tipoloxías corporais.
Estudo das medidas do corpo humano. Aparellos e equipamentos para a súa análise. Estudo antropométrico.
Técnicas de observación aplicadas ao estudo da imaxe.
Silueta masculina e feminina: trazos diferenciais entre home e muller.
Relación entre a tipoloxía corporal e os procesos de peiteado. Procesos e técnicas de peiteado que inflúen na percepción da imaxe: cor, forma, lonxitude do cabelo e peiteado na imaxe global.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Estudo do rostro. Correccións con procesos de peiteado e barbaría.	13

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o estudo do rostro, analizando os trazos faciais e empregando ferramentas de deseño.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os tipos de rostro.
CA3.2 Identifícanse as liñas e os puntos de referencia do rostro.
CA3.3 Determinouse a forma xeométrica do rostro.
CA3.4 Caracterizáronse os elementos que conforman o rostro.
CA3.5 Relacionouse a expresividade do rostro cos músculos cutáneos faciais.
CA3.6 Caracterizáronse os tipos de faccións e a súa relación co peiteado.
CA3.7 Relacionáronse os tipos de rostros e os seus elementos coas correccións, mediante técnicas de peiteado e barbaría.
CA3.8 Realizáronse representacións gráficas de rostros e as súas correccións a través do peiteado.

4.4.e) Contidos

Contidos
Anatomía da cabeza. Osos. Músculos cutáneos faciais: tipos, características, inserción e orixe. Relación coa configuración do rostro e a expresión.
Tipos de rostro. Características. Teoría da verticalidade e a horizontalidade. Liñas e puntos de referencia. Estudo das medidas do rostro sobre o plano horizontal. Relación entre a verticalidade e as asimetrías. Xeometría do rostro: clasificación dos tipos
Estudo e análise dos elementos do rostro: cellas, ollos, nariz, boca, pómulos, queixo, fronte, etc.
Estudo da expresividade do rostro a través das faccións. Características dos tipos de faccións e a súa relación co peiteado.
Técnicas de expresión gráfica para a realización de bosquejos. Representación de estilos de peiteados.
Características físicas e a súa relación coa imaxe persoal. Correccións do rostro a través de técnicas de peiteado e barbaría.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Análise e avaliación da imaxe persoal. Elementos iconolóxicos da imaxe.	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina os elementos iconolóxicos da imaxe persoal, seguindo pautas establecidas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Establecéronse os niveis de percepción que conforman a imaxe persoal.
CA4.2 Relacionáronse os códigos co seu significado.
CA4.3 Identificáronse os elementos que conforman a imaxe.
CA4.4 Establecéronse as pautas de realización do test da cor persoal cabelo-rostro.
CA4.5 Determinouse a influencia da cor, as liñas e o volume do cabelo na imaxe.
CA4.6 Recoñecéronse as características estéticas das tribos urbanas.
CA4.7 Identificáronse as tendencias en relación coa imaxe persoal.
CA4.8 Diferenciáronse as técnicas de análise e avaliación da imaxe persoal integral.

4.5.e) Contidos

Contidos
Iconoloxía aplicada á imaxe persoal. Niveis de percepción: características físicas obxectivas, calidades subxectivas e personalidade. Códigos da imaxe e o seu significado.
Elementos que conforman a imaxe. Cores e as súas características: a cor no peiteado como elemento iconolóxico. Liñas e formas: características, direccionalidade, movemento e angulosidade. Volumes: influencia do tamaño, o peso e a densidade. Expresividade
Test da cor persoal cabelo-rostro. Técnica de realización: aplicación do mostrarios de cores.
Características estéticas das tribos urbanas: trazos estéticos diferenciais.
Técnicas de análise e avaliación da imaxe persoal: técnicas de observación e entrevistas, cuestionarios, táboas-grella, medidas, gravacións, etc. Rexistro e control da información.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Análise do peiteado, maquillaxe e vestuario.	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Analiza o peiteado, a maquillaxe e o vestuario, en relación cos requisitos dos actos sociolaborais.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Relacionáronse os tipos de actividades sociais e laborais cos requisitos sobre a imaxe persoal.
CA5.2 Avaliáronse os requisitos de peiteado na vida sociolaboral.
CA5.3 Relacionáronse os tipos de maquillaxe social coas súas características.
CA5.4 Identificouse a vestimenta e os seus complementos para diferentes actos sociais.
CA5.5 Analizáronse outros aspectos que cumpra considerar na selección do peiteado, a maquillaxe e a vestimenta para diversos actos sociais.
CA5.6 Recoñecéronse os tipos de estilo e as súas características.

4.6.e) Contidos

Contidos
Actividades sociais e profesionais e o seu requisito sobre a imaxe persoal. Tipos de actos sociais privados e a súa relación co peiteado, a maquillaxe e a vestimenta. Tipos de actos públicos e a súa relación coa imaxe persoal: oficiais e non oficiais. Imaxe
Requisitos de peiteado na vida sociolaboral.
Tipos e estilos de maquillaxe.
Pautas xerais de vestuario e as súas características. Relación do vestuario e o peiteado. Características corporais de influencia na indumentaria e os complementos. Características persoais e sociolaborais que condicionan a indumentaria e os complementos.
Outros aspectos que cómpre considerar na selección do peiteado, a maquillaxe e a vestimenta.
Relación entre o peiteado e outros elementos que crean estilo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Informes do estudo da imaxe	18

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Elabora o informe do estudo da imaxe, utilizando documentación de apoio e aplicacións informáticas.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Determináronse os métodos para detectar as necesidades, as demandas e as expectativas da clientela.
CA6.2 Consideráronse os criterios estéticos para a elaboración dunha proposta de imaxe.
CA6.3 Documentouse tecnicamente a proposta.
CA6.4 Recoñeceuse a estrutura dunha proposta de imaxe.
CA6.5 Identificáronse os programas de tratamento de imaxe e deseño gráfico.
CA6.6 Diferenciáronse os procesos para o uso de programas de deseño
CA6.7 Recoñecéronse as ferramentas virtuais de deseño e traballo.
CA6.8 Analizáronse os modelos de peiteados para a aplicación á imaxe.
CA6.9 Identificáronse as técnicas informáticas para retocar, cortar, cambiar de cor, introducir mechas, etc., nos modelos de peiteados.
CA6.10 Recoñecéronse os procesos para arquivo, visión e comparación de imaxes dixitais.
CA6.11 Presentáronse e argumentáronse as propostas da nova imaxe.

4.7.e) Contidos

Contidos
Métodos para detectar as necesidades, as demandas e as expectativas da clientela.
Conclusións do estudo da imaxe e da análise de necesidades e demandas.
Ferramentas de presentación do informe do estudo da imaxe.
Documentación técnica: tipos e pautas de elaboración.
Estruturación dunha proposta de imaxe: introdución, identificación da persoa, plan de traballo, profesionais colaboradores, calendario de actuación, orzamento, etc.
Programas de tratamento da imaxe e deseño gráfico.
Tratamento da imaxe mediante aplicacións informáticas. Bosquexo e fotografía. Iniciación ao tratamento de fotografías e gráficos. Ferramentas virtuais de deseño e traballo. Almacenamento de arquivos.
Presentación e argumentación da proposta da nova imaxe. Conclusións.
Resolución de dúbidas, acordos e autorización do proceso.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de avaliación indicados anteriormente para cada UD, serán os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva.

Como a avaliación é contínua, é necesaria a asistencia regular do alumnado ás clases e demais actividades programadas para o módulo. Polo tanto o alumnado que teña faltas de asistencia sen xustificar que superen o 10% das horas totais do módulo (9 horas) non poderán presentarse ós exames ordinarios, tendo nese caso que presentarse a unha proba final onde entrará toda a materia vista no curso.

A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de probas teóricas e/ou prácticas.

AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento central da práctica educativa. A información que proporciona servirá como punto de partida para a actuación pedagóxica.

A avaliación debe realizarse en tres momentos:

Avaliación inicial que permite saber aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceptos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa cosmovisión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación procesual, facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe e integrada nel. De carácter eminentemente formativo, as súas conclusións parciais retroalimentarán dito proceso, potenciando a atención á diversidade.

Avaliación final, co fin de establecer o grao de alcance das finalidades propugnadas polos obxectivos e os criterios de avaliación.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados.

Instrumentos de avaliación:

- Probas escritas.

Esta poderá constar de:

- Preguntas de desenvolvemento ou preguntas de resposta curta. Nas preguntas poden incluírse imaxes, gráficos, táboas.
- Preguntas tipo test. As preguntas terán varias opcións de resposta nas que só será correcta unha delas. Cada resposta incorrecta descontará un tercio do valor dunha resposta correcta.

- Traballos e actividades dos alumnos, individualmente ou por grupos: resumos de artigos ou temas de libros, esquemas, traballos de sínteses dos contidos, tarefas. Observacións do profesor e intercambios orais recollidas na ficha do alumno.

Criterios de calificación:

Na nota do alumno ponderarán os seguintes compoñentes:

A) Adquisición de capacidades profesionais (ponderan o 5% da nota final de avaliación). Califícanse os contidos actitudinais e procedimentais, tendo en conta sempre o respecto ós compañeiros, equipos e o material de clase. Este apartado calificarase como segue:

- Achegas orais e interese mostrado na aula - 0,25 puntos.
- Realización dos cuestionarios e actividades propostas na aula - 0,25 puntos.

B) Probas escritas (ponderan o 80% da nota final de avaliación):

Realizaranse varios exames por avaliación, considerándose superados cando a nota sexa como mínimo dun 5 en cada un de eles. Para poder presentarse á proba escrita é preciso ter unha nota mínima dun 5 nas tarefas. Os exames constarán de preguntas tipo test e/ou preguntas curtas. No caso das preguntas test cada pregunta terá varias opcións de resposta, sendo correcta soamente unha delas. Cada pregunta mal contestada restará un tercio do valor dunha pregunta ben contestada. Realizarase unha recuperación por cada avaliación non superada .

A nota da avaliación das probas escritas será a media ponderada das notas das unidades didácticas.

C) Tarefas (ponderan o 15% da nota final da avaliación):

Realizaranse as tarefas encomendadas a través da aula virtual. Para a avaliación destas tarefas terase en conta que sexan presentadas en tempo e forma, de non ser o caso correxirase a tarefa igualmente pero a nota máxima que se pode acadar na mesma non superará o 5. O cálculo da nota final das tarefas será a media das tarefas encomendadas. O alumnado que non acade como mínimo un 5 neste apartado non poderá presentarse ás probas escritas.

Para a valoración das actividades de ensino-aprendizaxe, de ser o caso, teranse en conta os seguintes criterios:

*Presentación: voz: intensidade/pronunciación, actitude/contacto cos asistentes

*Organización: Unidade do tema/orde, estruturación

*Contido: claridade, concreción ó tema, rigor.

*Metodoloxía: Medios audiovisuais, outros recursos.

Se non houberse actividades de ensinanza-aprendizaxe, a valoración farase mediante a calificación da proba escrita.

Se algunha das probas avaliadas está suspensa a nota da avaliación será inferior a 5.

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

-Alumnado que aproba a avaliación será: aqueles que teñan tódalas probas da avaliación aprobadas, e dicir, aqueles cunha nota mínima en cada proba de 5 puntos. Se existise fracción decimal na nota media das avaliacións a nota será a nota truncada. No caso da avaliación final procederase do seguinte xeito:

-Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso

-Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza

-Alumnado que non aproba a avaliación: aqueles cunha nota nalgunha proba escrita e/ou na media das tarefas que non acade os 5 puntos. Se existise fracción decimal ó facer a media das unidades para obter a nota media da avaliación, en ningún caso se redondeará á alza a fracción decimal. A máxima nota neste caso será 4.

Sancionarase coa cualificación de cero en calquera das probas, cando se comprobe que o alumno/a non actuou limpamente ó realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.

Para obter a cualificación global do módulo, calcularase unha media aritmética entre as notas obtidas nas tres avaliacións superadas. No caso de que algunha das probas non estea superada a nota máxima será un 4.

A única causa pola cal un alumno pode facer os exames de cada avaliación despois da data oficial é unha enfermidade ou problema familiar graves, presentando xustificación documental.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Programaranse actividades de recuperación consistentes en repaso dos temas e das tarefas realizadas na aula. As clases de recuperación desenvolveranse de acordo a un calendario no que os/as alumnos/as xunto co profesor/a repartirán a materia en bloques para cada un dos días establecidos. Estes días os alumnos/as deberán traer a parte teórica preparada para poder consultar dúbidas e facer as prácticas correspondentes. Realizarase unha recuperación para cada avaliación non superada. Estas probas faranse, polo menos unha semana posterior ó desenvolvemento da última proba obxectiva, e tras a realización de actividades de recuperación como repaso de conceptos mal entendidos ou corrección de capacidades mal adquiridas.

Se tras a recuperación ó alumno/a lle queda algunha unidade didáctica, deberá ir á avaliación extraordinaria de Xuño, examinándose da unidade didáctica que lle quede.

Para o alumnado que queira SUBIR NOTA, terán que presentarse ó exame extraordinario de xuño con toda a materia. Se o alumno decide presentarse por este sistema debe ter en conta que NON se gardará a nota que acadara ata ese momento.

ALUMNOS CO MÓDULO PENDENTE:

Os alumnos de 2º curso que teñan pendente o módulo serán avaliados na sesión de avaliación final de segundo curso. Terán que presentarse a unha proba escrita cuxa data comunicáraselles con 15 días de antelación. O formato desta proba escrita será o mesmo que o utilizado para o resto do alumnado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións do departamento realizarase un seguimento do cumprimento da programación ao longo do curso. O sistema de calidade fai necesaria unha revisión mensual do cumprimento da programación. Ao remate do curso, avaliaranse os resultados da programación tendo en conta 2 aspectos:

1. Os resultados académicos. Deberá haber un índice alto de alumnado calificado positivamente. Realizarase unha memoria cos datos máis relevante do desenvolvemento da programación: temporalización das unidades didácticas, probas realizadas e resultados acadados en cada unha delas, etc.
2. Enquisas anónimas ao alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comenzo das actividades do curso. Transcurrido po lo menos 1 mes o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. O/A titor/a recabará os informes individualizados de avaliación do alumnado repetidor, así como a información relativa ós estudos académicos, ditames específicos do alumnado discapacitado ou con nee, e da experiencia profesional previa.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haberen alumnado con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motores, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e programas específicos de intervención coa axuda do departamento de orientación.

Para o alumnado que, trala avaliación inicial, se detecte necesidades de reforzo educativo, adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación..) que permitan ó alumnado a adquisición dos RA do módulo, requisito imprescindible para a superación do módulo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

En relación coa adquisición dunha formación integral básica que satisfaga o principio de preparar os estudantes para ser cidadáns dunha sociedade democrática, pacífica e solidaria, faise necesario incorporar un conxunto de contidos de especial relevancia para o desenvolvemento da sociedade nos últimos tempos e que constitúen os contidos transversais que reflicten actitudes e valores que deben propiciar a autonomía dos alumnos así como un proxecto de sociedade mais libre e respectuosa cara as persoas e o seu medio. Os temas transversais establecidos:

- A educación do consumidor.
- A educación para igualdade de oportunidades para ambos sexos.
- A educación para a paz.
- A educación ambiental. É necesario que todo profesional teña claramente establecidos criterios de cómo o seu facer profesional pode afectar ó medio ambiente e o xeito de actuación para evitar, mitigar ou remediar o dano ambiental real ou potencial. Por outra banda, consideramos decisivo impulsar un cambio de valores, adquirindo una importancia significativa o respecto e defensa do medio ambiente.
- A educación para a saúde. Desenvolver a capacidade dos alumnos para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural. Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento. Reflexionar sobre as sustancias que prexudican o organismo e adquirir hábitos de saúde de acordo a elo.
- A educación sexual.
- A educación sexual.
- A educación moral e cívica. Pretende educar no pluralismo en dúas direccións: O respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como forma de solución de diferencias. Relaciónase cos contidos actitudinais. O comportamento cívico ten que ver coas actitudes mediante as que se poñen de manifesto a orde, a precisión e coidado na realización e presentación de tarefas e no uso adecuado dos instrumentos propios e da comunidade educativa; tamén no respecto que os alumnos deben ter con outros enfoques diferentes ós seus na resolución das diferentes tarefas. Este tema transversal ten moita importancia na familia de Imaxe persoal e trátase en tódolos módulos xa que o alumno debe respectar en todo momento o traballo dos seus compañeiros e valorar e coidar como propios todas as instalacións, os materiais e recursos educativos dos que dispón o centro educativo.
- Integración do alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas, non só transmisivas.
- Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.
- Estimular o traballo en equipo e a solidariedade.

Todos estes aspectos estarán presentes ó longo do curso no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cós temas que pólás súas características sexan mais acordes.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Promoverase a participación do alumnado nas actividades extraescolares programadas polo centro.

Realizaranse actividades complementarias relacionadas co currículo e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan.

As actividades extraescolares prográmanse co obxecto de asistir a exposicións, mostras ou visitas a instalacións ou establecementos relacionadas coa familia de Imaxe Persoal.

Non son fixas dependendo do curso e datas nas que se realizan os eventos polo que non podemos planificalas con moita anterioridade

O obxecto das actividades complementarias previstas polo departamento é familiarizar ó alumnado co seu futuro traballo profesional.

Xustifícanse pola necesidade que teñen os profesionais da familia de Imaxe Persoal que, de forma continua, deben adaptarse aos cambios tecnolóxicos provocados polas novas demandas, cada vez máis específicas, producindo cambios na súa actividade profesional, de xeito que a implantación destas novas técnicas baséase no uso de equipamentos cada vez máis sofisticados e de produtos cosméticos con maior especificidade e actividade. Lévanse a cabo, de forma xeral, na propia aula. Aínda que están integradas nun módulo concreto, formando parte dos procedementos e se é posible dentro do seu horario lectivo, inténtase que sexan o máis abertas posibles; de feito poden implicar aos dous cursos dun mesmo ciclo, aos dous ciclos medios ou incluso a todo o alumnado dos ciclos formativos.

Exposicións e demostracións de tratamentos relacionados cos diferentes módulos

10. Outros apartados

10.1) Plan de continxencia

En previsión de que nos vexamos abocados a un novo confinamento onde as clases presenciais non sexan posibles, ou algún alumno ou alumna precise por razóns de saúde ou causa de forza maior, seguir as clases dende o seu fogar ,impartiranse as clases a través da aula virtual, podendo levarse a cabo algunha clase a través da plataforma Cisco Webex. A comunicación co alumnado terá lugar a través das canles oficiais (aula virtual do centro, correo corporativo, Webex). A avaliación realizaríase seguindo os mesmos criterios de cualificación do apartado 5 desta programación, os exames terían lugar no momento dalgunha das videconferencias Cisco Webex e serían realizados a través aula virtual do módulo. Isto tamén sería de aplicación no caso de que exista alumnado confinado por resultar positivo.